



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO




FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO

FACENDA LOCAL

JMP/jim

Ref: Contrato de xestión catastral

Asunto: Prescricións técnicas

PRESCRIPCiónS TÉCNICAS QUE REXERÁN A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE XESTIÓN CATASTRAL

- 1.- Obxecto do contrato.**
- 2.- Descrición da colaboración en materia de xestión catastral e tarefas necesarias para a execución do obxecto do contrato.**
- 3.- Protección de datos e Confidencialidade.**
- 4.- Propiedade dos traballos e obrigacións específicas do adxudicatario.**
- 5.- Dirección dos traballos.**
- 6.- Medios a aportar polo adxudicatario.**
- 7.- Prezo do contrato.**
- 8.- Duración do contrato.**
- 9.- Réxime de pagamentos.**
- 10.- Réxime de recursos e penalidades por incumprimento.**

1.- OBXECTO DO CONTRATO.

Son obxecto do presente contrato os traballos de xestión catastral necesarios para desenvolver as funcións que o Excelentísimo Concello de Lugo teña atribuídas no eido de aplicación dos Convenios de Colabouración subscritos coa Secretaría de Estado de Hacienda (Dirección Xeral de Catastro), a asistencia e colabouración para a tramitación das declaracións catastrais tramitadas no modelo 900-D e a colabouración na xestión tributaria do Imposto sobre Bens Inmóbles que, en todo caso, incluírá a prestación dos seguintes servizos:

- 1.- A realización de actuacións catastrais detectadas de oficio polo Excelentísimo Concello de Lugo ou pola empresa adxudicataria, e a tramitación dos expedientes de alteracións catastrais de orde físico, económico ou xurídico dos bens inmóbles sitos no municipio de Lugo
- 2.- Atención, asistencia e información ao contribuínte, e a recepción e a asistencia na cumprimentación das declaracións de alteracións catastrais relativas aos bens inmóbles.
- 3.- A depuración, conservación e actualización da base de datos catastral; rexistro, dixitalización e incorporación aos sistemas de información catastral da documentación relativa aos expedientes catastrais que non conste na Dirección Xeral de Catastro, segundo a circular 03.04/18P, de 6 de febreiro, ou a normativa que a substitúa.
- 4.- Colabouración na xestión tributaria do Imposto sobre Bens Inmóbles e a subministración ao Excelentísimo Concello de Lugo de calquera información con relevancia na tributación local.
- 5.- Inclusión na base de datos alfanumérica e na cartografía catastral da información que, relacionada con materias de competencia municipal, lle sexan indicadas polo responsable do contrato, así como o tratamento das declaracións ou expedientes catastrais pendentes de tramitación que lles indique.

FACENDA LOCAL

JMP/jim

Ref: Contrato de xestión catastral

Asunto: Prescricións técnicas

2.- DESCRICIÓN DA COLABORACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL E TAREFAS NECESARIAS PARA A EXECUCIÓN DO CONTRATO.

As tarefas necesarias para a execución do obxecto do contrato serán as seguintes:

a) Actuacións catastrais detectadas de oficio e a tramitación dos expedientes de alteracións catastrais.

Consistirán na elaboración dos datos gráficos, cartográficos e alfanuméricos dos inmobles urbanos, necesarios para a tramitación dos expedientes de alteracións xurídicas, físicas ou económicas segundo os modelos e a metodoloxía vixentes en cada intre e que determine a Dirección Xeral de Catastro e, en calquera caso, comprenderá;

- O análise da documentación existente no Excelentísimo Concello de Lugo e na Xerencia Territorial de Catastro.
- A obtención dos datos xurídicos e a formalización dos requerimentos de documentación e/ou declaracións ás que houbera lugar, segundo o réxime xurídico do Convenio de Colabouración vixente entre o Excelentísimo Concello de Lugo e a Xerencia Territorial de Catastro; comprobación dos datos físicos, xurídicos ou económicos presentados coa realización dos traballos de campo precisos, se for o caso, para a súa correcta tramitación.
- Actualización da cartografía catastral e realización dos planos dixitais en formato FXCC e impresos procedentes.
- A gravación dos datos obtidos e o seu rexistro nos sistemas de información da Dirección Xeral de Catastro.

En todo este proceso o contratista achegará as aplicacións informáticas necesarias para o tratamento de cartografía dixitalizada. Ditas aplicacións estarán a disposición do Concello de Lugo

En calquera caso, as alteracións obxecto do contrato formalizaranse pola empresa adxudicataria mediante os impresos de declaración obtidos ou mediante o servizo para os efectos establecido na páxina web da Dirección Xeral de Catastro. As citadas declaracións deberán asinarse polos respectivos titulares catastrais, aos que se lles remitirá un requerimento para os efectos; no suposto de que os interesados non asinen e/ou presenten as declaracións voluntariamente, se elaborará un listado que xunto coa información obtida será obxecto de traslado á Dirección Xeral do Catastro coa finalidade de que actúe a inspección catastral, se for o caso. As unidades urbanas resultantes dos traballos adxudicados serán obxecto de actualización na cartografía dixitalizada do Catastro. Os datos finais resultantes derivados dos traballos contratados entregaranse á Xerencia Territorial do Catastro mediante ficheiro en formato FIN 2006 ou os que estableza en cada momento a Dirección Xeral de Catastro coas súas correspondentes especificacións técnicas.



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO




FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO

FACENDA LOCAL

JMP/jim

Ref: Contrato de xestión catastral

Asunto: Prescricións técnicas

As actuacións detectadas de oficio tamén terán como obxectivo identificar as omisións de construcións, rehabilitacións, ampliacións, divisións, reformas, alteracións xurídicas, demolicións, cambios de uso e calquera outra discordancia entre a realidade física existente e a descrición catastral dos inmobles. A remisión da información se fará polos medios e nos termos e condicións que se fixen pola Dirección Xeral do Catastro.

b) Atención, asistencia e información ao contribuínte.

Na prestación do servizo o contratista adxudicatario realizará estas tarefas na súa oficina e consistirá en ofrecer a debida información sobre os procedementos catastrais, así como calquera aspecto relacionado co mantemento catastral e tamén a asistencia para a cumplimentación das declaracións, de acordo coas indicacións do responsable do contrato.

c) Depuración, conservación e actualización da base de datos catastral. Rexistro, dixitalización e incorporación.

A empresa adxudicataria procederá á realización dos traballos necesarios para a depuración, actualización e mantemento, durante o período de duración do contrato, da base de datos catastral, realizando cantos traballos sexan necesarios para acadar o obxecto do contrato e, obrigatoriamente, os seguintes:

- Actualización e depuración e localización das titularidades na base de datos catastral relativas a inmobles "En Investigación", así como as inexactitudes nos nomes, N.I.F., N.I.E. ou C.I.F., ou enderezos dos titulares catastrais, en colaboración co Excelentísimo Concello e segundo os criterios e procedementos de actuación que se definan polo director dos traballos.
- Actualización e depuración da base de datos catastral encamiñadas á rectificación de dirección tributarias coa finalidade de adaptalas ao rúeiro oficial.
- Dixitalización e incorporación aos sistemas de información catastral da documentación dos expedientes da que non dispoña a Dirección Xeral de Catastro. Estes traballos comprenderán a achega das licencias e/ou autorizacións administrativas existentes no Excelentísimo Concello de Lugo, a depuración gráfica e alfanumérica dos datos catastrais, a elaboración dos planos dixitais no formato oficial FXCC vixente e a depuración de inconsistencias de todo tipo e a súa incorporación ao Mapa de Xestión catastral, se for o caso.
- Alteracións de orde xurídica, física ou económica relativas a inmobles de titularidade do Excelentísimo Concello de Lugo.
- Proxectos de compensación, reparcelación, urbanización e outras figuras de planeamento ou xestión urbanística.
- Inclusión das variacións derivadas das execucións subsidiarias de obras de rehabilitación ou derrubamento, deslindes administrativos ou expropiacións forzosas.



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO




FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO

FACENDA LOCAL

JMP/jim

Ref: Contrato de xestión catastral

Asunto: Prescricións técnicas

d) Colabouración na xestión tributaria e a subministración ao Excelentísimo Concello de Lugo de calquera información con relevancia na tributación local.

Consistirá na subministración da información necesaria para a xeración das liquidacións tributarias do Imposto sobre Bens Inmóveis de natureza urbana que procedan e deriven dos traballos de xestión catastral realizados, así como o cálculo das compensacións que procedan.

Todo isto en formatos compatibles co sistema informático do Concello coa finalidade de coordinar a xestión tributaria derivada da xestión catastral, o que requirirá a utilización dun sistema informático que permita vincular a información alfanumérica coa cartografía catastral para a súa visualización e uso polo Concello de Lugo, sen limitación de acceso, desde as aplicacións informáticas municipais de xestión tributaria. O cumprimento das obrigas obxecto do contrato será esixible aínda cando se produzan variacións no referente a modelos, impresos, soportes magnéticos ou procedementos establecidos pola Dirección Xeral de Catastro.

3.- PROTECCIÓN DE DATOS E CONFIDENCIALIDADE.

O contratista quedará obrigado ao cumprimento do disposto na Lei Orgánica Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e Regulamento 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deses datos e, en concreto, no referente ao cumprimento das medidas de seguridade establecidas e ao deber de segredo profesional asumindo as responsabilidades que polo seu incumprimento lle incumban. O adxudicatario, sexa persoa física ou xurídica, e o persoal ao seu servizo que teña acceso ou realice calquera tratamento cos datos catastrais de carácter persoal, actuará consonte as instrucións que para os efectos lles dé o Excelentísimo Concello de Lugo. O contratista e o persoal encargado da realización dos traballos gardarán segredo profesional sobre a información que recaben e documentos que produzan, así como dos asuntos aos que teñan acceso ou coñecemento durante a vixencia do contrato, estando obrigados a non facer públicos cantos datos coñezan como consecuencia ou con ocasión da súa execución, incluso despois de finalizar o prazo contractual, así como garantir a seguridade, a non alteración ou perda, así como o tratamento ou acceso non autorizado a eses datos. Non utilizará os datos recabados con fins distintos á realización dos traballos obxecto do contrato, nin os comunicará, nin siquera para a súa conservación, a terceiros.

O adxudicatario, sexa persoa física ou xurídica, e o persoal que teña acceso ou realice calquera tratamento cos datos catastrais de carácter persoal, terá a consideración de “encargado do tratamento” e o acceso á información de carácter persoal necesario para a realización do traballo non supodrá “comunicación de



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO

FACENDA LOCAL

JMP/jim

Ref: Contrato de xestión catastral

Asunto: Prescricións técnicas

datos", para os efectos do disposto na Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía de Datos Dixitais.

A adxudicataria estará obrigada a asinar o oportuno contrato de confidencialidade, no que se concretarán as obrigas e responsabilidades das partes con relación ao tratamento de datos de carácter persoal. Estará obrigada tamén a certificar que o persoal ao seu servizo asinou unha cláusula de confidencialidade pola que se comprometan a non revelar información que coñezan polo seu cargo ou cometido durante a prestación do contrato e posteriormente ao mesmo, así como que coñece as medidas de seguridade tendentes a garantir o cumprimento da normativa relativa á protección de datos de carácter persoal.

O acceso e tratamento dos datos por parte do adxudicatario realizarase observando os formatos e soportes definidos pola Dirección Xeral de Catastro, gravando os datos que procedan nas bases de datos catastrais, no seu caso, polo persoal debidamente autorizado e de acordo coas normas de seguridade establecidas ao respecto pola Dirección Xeral de Catastro.

Finalizados os traballos obxecto do contrato o adxudicatario deberá devolver ao Concello todos os documentos e soportes nos que conste algún dato de carácter persoal. No caso de que o adxudicatario destine os datos a outra finalidade ou os comunique ou utilice incumprindo as estipulacións establecidas, será considerado responsable do tratamento, respondendo das infraccións en que incorrese previstas na Lei Orgánica 3/2018, e responderá de calquera reclamación que polas persoas interesadas se presente na Axencia de Protección de Datos competente e da indemnización que, se for o caso, se recoñeza á persoa afectada que exercite a acción de responsabilidade polo dano ou lesión que sufra nos seus bens ou dereitos. Así mesmo, serán motivos de resolución do presente contrato a vulneración do deber de segredo pola adxudicataria ou o seu persoal, así como o incumprimento da normativa sobre protección de datos de carácter persoal.

4.- PROPIEDAD DOS TRABALLOS E OBRIGACIÓNS ESPECÍFICAS DO ADXUDICATARIO.

1. Os traballos serán propiedade do Excelentísimo Concello de Lugo, que poderá comprobar en calquera momento o seu estado de tramitación. Será de aplicación a normativa sobre propiedade intelectual e a Lei Xeral Tributaria, polo que o contratista non poderá utilizar para sí mesmo ni facilitar a terceiro, total ou parcialmente, ningún dato dos traballos que realice agás autorización escrita da Administración. Así mesmo, deberá solicitar autorización para a realización de traballos de natureza análoga, que poida ser obxecto de contrata con terceiros.

2. O adxudicatario será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que deriven para o Concello ou para terceiros polas omisións, erros, métodos inaxeitados ou conclusións incorrectas na execución do contrato. Para os efectos, se realizarán as comprobacións de campo que procedan dos datos declarados. Así mesmo, deberá subsanar os defectos, insuficiencias técnicas, erros materiais,



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO




FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO

FACENDA LOCAL

JMP/jim

Ref: Contrato de xestión catastral

Asunto: Prescricións técnicas

omisións e infraccións de preceitos legais ou reglamentarios que lle sexan imputables.

3. Todas as altas deberán incluír documento acreditativo da titularidade por calquera dos medios admitidos en dereito. Os identificadores fiscais dos suxeitos pasivos son datos imprescindibles sen os que non se tramitará ningún expediente. Para os efectos, o adxudicatario poderá consultar co director dos traballos a existencia de datos nas Bases de Datos Municipais. Non se entenderá finalizado o traballo ata que teña lugar o correspondente acordo catastral.

4. O contratista remitirá ao director dos traballos con cada factura un caderno ou estado informativo xustificativo dos expedientes obxecto de facturación, en formato word ou excel, que conterá, alomenos, os seguintes datos relativos a cada expediente tramitado; número de expediente da Xerencia Territorial de Catastro, referencia ou referencias catastrais afectadas, tipo de actuación realizada, tipo de expediente e as aclaracións que procedan. As facturas que sexan rexistradas sen que previamente ou xunto con elas se achegue o citado caderno informativo xustificativo dos expedientes, será rexeitada.

5. A empresa deberá informar ao Concello do volume de incidencias e recursos presentados polos contribuíntes con relación ás alteracións catastrais tramitadas por ela. No caso de que como consecuencia dun recurso ou reclamación tivera lugar a anulación do acordo catastral aprobado, se restará dos importes a facturar o importe cobrado pola tramitación do expediente obxecto de anulación.

5.- DIRECCIÓN DOS TRABALLOS.

A dirección dos traballos, que será directamente responsable da dirección, comprobación, coordinación e vixilancia dos traballos a realizar para a súa correcta realización, corresponde ao Xefe do Servizo de Facenda Local do Excelentísimo Concello de Lugo ou funcionario do Servizo designado para os efectos.

Son funcións da dirección dos traballos;

- Apreciar a existencia dos medios e organización necesaria para a elaboración do traballo ou prestación do servizo en cada una das súas fases.
- Dar as ordes oportunas para conquistar os obxectivos do traballo, e introducir as modificacións que conveñan para eses efectos, interpretando o prego de prescricións técnicas e verificando o seu cumprimento.

FACENDA LOCAL

JMP/jim

Ref: Contrato de xestión catastral

Asunto: Prescricións técnicas

- Comprobar os traballos obxecto de facturación incluídos nos estados informativos que se deben achegar con cada factura coa finalidade de validala, se for o caso. Se algún dos traballos presentara erros, inexactitudes ou non se houbera completado, será excluído da facturación, sendo esta rexeitada. O contratista poderá presentar unha nova factura sen o traballo obxecto de exclusión ou subsanar os erros detectados e presentar a mesma factura posteriormente.
- Tramitar cantas incidencias xurdan na elaboración dos traballos.

6.- MEDIOS A APORTAR POLO ADXUDICATARIO.

a) Humáns e materiais

O persoal da empresa adxudicataria non xerará dereitos fronte ó Concello, nin ostentará vinculo laboral algún con éste, debendo constar tal circunstancia nos correspondentes contratos. O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento das disposicións legais e regulamentarias en materia de contratación laboral, seguridade e hixiene no traballo, debendo estar ao corrente de pagamentos coa Seguridade Social en todo momento; o incumprimento desta esixencia non implicará responsabilidade da administración municipal fronte ó persoal contratado por aquel para a prestación do servizo.

A empresa adxudicataria indicará os nomes da persoa ou persoas que ten previsto adscribir á execución do contrato e que cumpren os requisitos esixibles, sendo obrigatorio que entre eles figure, alomenos, un/unha técnico/a titulado que esté en posesión dalgún dos títulos ou diplomas universitarios aos que se refire o Grupo I do artigo 17 do Convenio Colectivo do Sector de Empresas e Enxeñería e Oficinas de Estudos Técnicos (BOE 251, de 18 de outubro de 2019) con cinco anos de experiencia demostrable nas tarefas obxecto do contrato. Este profesional non poderá ser substituído/a sen a expresa autorización do responsable do contrato. A empresa designará a persoa responsable que sexa interlocutor ante o Concello en todos os aspectos e incidencias que plantexe a execución do contrato. O Concello poderá solicitar á empresa adxudicataria a designación dun novo interlocutor cando así o xustifique o desenvolvemento dos traballos contratados.

A empresa adxudicataria contará cunha oficina de atención ao contribuínte para a realización das tarefas relacionadas co obxecto do contrato a menos de 500 metros das oficinas administrativas do Concello de Lugo. Deberá cumprir coa normativa vixente en materia urbanística, así como contar coas autorizacións requiridas na lexislación. Deberá de documentarse a súa ubicación, superficie, titularidade, mobiliario, e o software e hardware do que estará dotada.

b) Medios informáticos e sistemas de comunicación.

As ferramentas de hardware e software necesarias serán de cargo do adxudicatario, facéndose cargo este de todos os gastos que supoñan que excedan do estimado no orzamento base.



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO

FACENDA LOCAL

JMP/jim

Ref: Contrato de xestión catastral

Asunto: Prescricións técnicas

O Concello con carácter previo á adxudicación poderá solicitar unha demostración das aplicacións informáticas a utilizar. A empresa adxudicataria encargarse da resolución das posibles incidencias que se produzan na integración das bases de datos. Para elo solicitaranse os informes necesarios ao Servizo Municipal de Informática con relación á viabilidade así como para o seguimento da integración e xestión.

A empresa adxudicataria instalará nos seus locais os equipos informáticos necesarios para a execución do contrato e para garantir unha atención rápida aos cidadáns, sendo da súa conta os gastos da instalación. Deberá asegurar a atención ao contribuínte presencial, telefónica e online en horario, alomenos, de 9:00 a 14:00 horas.

A aplicación da empresa adxudicataria deberá permitir realizar as tarefas definidas no prego, así como seleccionar da base de datos todos aqueles datos que pudiera solicitar o responsable do contrato e demais procesos que permitan a máxima axilidade nos intercambios de información e demais procesos propios do obxecto do contrato. Deberá de dispoñerse das ferramentas necesarias que posibiliten o intercambio de datos coas aplicacións do Excelentísimo Concello de Lugo (actualmente GT-WIN de T-SYSTEM) segundo as especificacións dos técnicos municipais do Servizo de Informática, e deberán permitir as modificacións que procedan coa finalidade de recoller calquera modificación legislativa, xurisprudencial ou técnica que sexa suxerida polos responsables do servizo, non sendo repercutibles pola empresa os gastos destas posibles modificacións e podendo ser sancionado o adxudicatario no caso de non atender as reclamacións efectuadas polo Concello nun prazo de quince días.

A empresa adxudicataria deberá cumprir as instrucións establecidas na circular 03.04/2018/P, de 6 de febreiro, da Dirección Xeral de Catastro, sobre grabación de datos catastrais nos expedientes de incorporación ou de alteración das súas características ou aqueloutras que a substitúan no futuro, dispoñendo para os efectos os medios técnicos e materiais axeitados. Ademais, deben entenderse de obrigado cumprimento aquelas prescricións e instrucións que resulten de aplicación á realización dos traballos concretos obxecto do presente contrato que se atopan dispoñibles no Portal Web da Dirección Xeral de Catastro, nos seguintes enderezos:

Circulares: <http://www.catastro.meh.es/esp/circulares.asp>

Formatos de intercambio: http://www.catastro.meh.es/esp/formatos_intercambio.asp

As ferramentas software e hardware necesarias as proporcionará o adxudicatario, facéndose cargo este de todos os gastos que supoñan, debendo migrar todos os datos requeridos para os efectos de actualizar, corrixir ou depurar os posibles erros, de tal forma que permitan efectuar en tempo e forma as liquidacións derivadas do obxecto do contrato.

O Concello con carácter previo á adxudicación poderá solicitar unha demostración das aplicacións informáticas a utilizar.

FACENDA LOCAL

JMP/jim

Ref: Contrato de xestión catastral

Asunto: Prescricións técnicas

A empresa adxudicataria encargárase da resolución das posibles incidencias que se produzan na integración e xestión das bases de datos. Para elo solicitarase informes necesarios ao Servizo Municipal de Informática e Comunicacóns con relación á viabilidade así como para o seguimento da integración e xestión.

Hardware

A empresa adxudicataria instalará nos seus locais os equipos informáticos necesarios para a execución do contrato, e para garantir unha atención rápida ós cidadáns, sendo á súa conta os gastos orixinados na instalación. Así mesmo, configurará unha ou máis máquinas sitas no CPD da sede do Concello para acceder ó sistema de información da empresa adxudicataria, cos niveis de seguridade que se establezan, para realizar as consultas que se estimen convenientes para o control da xestión dos servizos contratados. No caso de necesitar a mellora dos equipos do Concello dende os que se quere acceder ás aplicacións da empresa, os gastos da ampliación correrán a cargo da empresa adxudicataria. O tipo de acceso requerido, que permita unha conexión áxil e eficiente, será o que indiquen os técnicos municipais encargados da rede de datos, dependendo do modelo de acceso externo que teña a Intranet do Concello de Lugo no intre da instalación dos equipos. Se isto produce algún gasto, tamén correrá a cargo da empresa adxudicataria.

As empresas licitadoras especificarán detalladamente o equipo informático mínimo a instalar.

Este deberá ter as seguintes características, como mínimo;

- Capacidade para poder permitir a conexión dende os equipos ubicados no Concello que determine o Servizo de Facenda Local, de tal forma que se permita o uso íntegro, sen limitación de acceso, como si se estivera traballando dende as propias oficinas de recadación pero dende o Concello.
- Posibilidade de conexión dende os medios que posibiliten o acceso a Internet ou tecnoloxías futuras sempre vía banda ampla.
- As características técnicas dos equipamentos en canto a memoria, disco, etc, deberán poder realizar as tarefas que se executen de forma masiva o máis rapidamente posible (permitindo o uso de base de datos relacionais e ficheiros de datos convencionais), e o traballo en tempo real que sexa inmediato. Non se marca ningún outro tipo de equipamento xa que a evolución da tecnoloxía pode facer que calquera estipulación prexudique ás dúas partes.
- As impresoras deberán ser as necesarias e do tipo que esixa o programa en función das copias, cantidade de unidades, etc.

Deberán instalarse todos os terminais ou ordenadores personais necesarios par o bo cumprimento das condicións do prego, e alomenos un por cada persoa empregada.



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO




FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO

FACENDA LOCAL

JMP/jim

Ref: Contrato de xestión catastral

Asunto: Prescricións técnicas

Software

A aplicación da empresa adxudicataria deberá permitir realizar as tarefas definidas no prego, así como seleccionar da base de datos todos aqueles datos que puidera solicitar o responsable da recadación. Ademais deberá permitir realizar os traballos coa máxima axilidade os intercambios de información, e demais procesos propios do obxecto do contrato, entre o Concello e a empresa adxudicataria.

En calquera caso, valorarase que a aplicación da empresa adxudicataria sexa a mesa coa que traballa o Concello de Lugo en xestión tributaria e recadación voluntaria. En caso de non selo, deberá dispor das ferramentas necesarias que posibiliten estes intercambios, nos formatos de intercambio de datos que especifiquen os técnicos municipais, o que se verificará polos propios técnicos do servizo de informática.

A empresa adxudicataria deberá desenvolver e ter en funcionamento, debidamente contrastado e que se poda verificar polos técnicos municipais, no intre do concurso, o conxunto de aplicacións necesarias para a plena execución do contrato en toda as actuacións e intervencións, sendo posible amosar sempre a situación xeral dos expedientes.

O software posibilitará a súa modificación inmediata coa finalidade de recoller calquera modificación lexislativa, xurisprudencial ou técnica que sexa suxerida polos responsables do servizo, non sendo repercutibles pola empresa adxudicataria os gastos destas posibles modificacións e podendo ser sancionado o adxudicatario no caso de non atender os requirimentos que para os efectos lle realice o responsable do contrato.

O adxudicatario entregará no Concello, cunha periodicidade mínima semestral, copias de todas as súas bases de datos, xunto coa descrición das súas estruturas.

O software pasará, á finalización do contrato, a ser propiedade do Concello.

7.- PREZO DO CONTRATO. ESTUDO DE COSTES. VALOR ESTIMADO.

Consonte ao previsto no artigo 100 da LCSP, para os efectos da desagregación de costes, se tomou como referencia para a estimación dos salariais o que para ano 2020 establece o Convenio Colectivo do Sector de Empresas e Enxeñería e Oficinas de Estudos Técnicos (BOE 251, de 18 de outubro de 2019).

Debido á imposibilidade de coñecer previamente o número de expedientes que se tramitarán finalmente, a súa tipoloxía e o número exacto de inmobles aos que afectará cada expediente, e dado que os prezos unitarios a aplicar son variables en función dos mencionados parámetros, o orzamento do contrato toma como base o valor real total dos contratos sucesivos de idéntico obxecto realizados por este Concello, axustado segundo a previsión dos traballos necesarios conforme ao Prego de Prescricións Técnicas.

Para a estimación do cálculo do orzamento de licitación débese de ter en conta que os traballos a realizar se poden dividir en tres grupos:

1. Atención ao público e difusión da información catastral.
2. Mantemento catastral e colabouración na xestión tributaria.

FACENDA LOCAL

JMP/jim

Ref: Contrato de xestión catastral

Asunto: Prescricións técnicas

3. Tramitación de expedientes catastrais.

Para os efectos do cumprimento das prescricións legais se realiza unha estimación dos traballos anuais a realizar baseada na media das unidades urbanas tramitadas nos expedientes dos derradeiros tres anos pola anterior adxudicataria. Este custo obtívose do prezo medio de tratamento da unidade urbana neses tres últimos anos (1.038 unidades urbanas a 37,77 €/ud), polo que o prezo anual estimado ascendería a 39.205,26 euros.

A xustificación do orzamento base de licitación baséase no citado Convenio Colectivo do Sector de Empresas e Enxeñería e Oficinas de Estudos Técnicos e nos prezos medios de mercado vixentes. Inclúense e se pormenorizan os gastos xerais necesarios, incluídos os necesarios para a realización do traballo de campo imprescindible para a verificación sobre o terreo, que se estima necesario realizar, alomenos, dúas veces ao mes.

Estudo de costes:

Custos oficina aluguer, mobiliario, sistemas informáticos....	7.215 euros
Custos de persoal *	26.324 euros
Seguridade social dietas e desprazamentos	3.461 euros
Beneficio industrial (6%)	2.220 euros
Total custo sen IVE	39.220 euros máis IVE

* Licenciado ou titulado 2º ou 3º ciclo univertitario e analista.

Se ben é certo que para o cálculo do custo máximo se indica un prezo medio, o certo é que o prezo de tramitación de cada tipo de expediente varía, sendo os prezos abaixo relacionados os que de media se veñen utilizando os últimos anos. Así mesmo é moi difícil determinar o número exacto de expedientes polo que o custo total previsto de 39.200 euros sen IVE non será obxecto de redución como consecuencias das baixas ofertadas nos prezos unitarios.

Sobre estes prezos os licitadores realizarán as súas ofertas

Expedientes de adquisición ou consolidación da propiedade, constitución, modificación ou adquisición do dereito de usufruto, superficie ou concesión administrativa; expedientes de variacións na cota de participación.	15 € unidade (IVE non incluído)
Expedientes de nova construción, ampliación, reforma ou rehabilitación, e divisións horizontais. Ata o décimo cargo resultante.	45 € unidade (IVE non incluído)
Expedientes de inmobles a partir do 11º cargo ou unidade e sucesivas.	35 € unidade (IVE non incluído)
Expedientes de agregación, segregación ou división horizontal. Por cada predio ata a décima unidade.	45 € unidade (IVE non incluído)
Expedientes de agragación, segregación ou división horizontal. 11ª e sucesivas unidades.	35 € unidade (IVE non incluído)
Expedientes de cambio de uso ou derrubamento.	45 € unidade (IVE non incluído)
Investigación de "descoñecidos" ou inmobles "En investigación". Pola súa tramitación íntegra.	50 € unidade (IVE non incluído)

FACENDA LOCAL

JMP/jim

Ref: Contrato de xestión catastral

Asunto: Prescricións técnicas

8.- DURACIÓN DO CONTRATO.

A duración do contrato será de tres anos desde a data do acta de inicio da prestación do servizo, que se asinará no prazo máximo de un mes desde a previa formalización do contrato, podendo ser obxecto de prórroga por acordo do órgano de contratación –que será obrigatoria para o empresario-, sempre que se preavise con alomenos dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato e sen que a duración do contrato incluídas as prórrogas poida exceder de cinco anos.

Establécese un período de garantía de dous anos á finalización dos traballos durante o cal o Concello poderá requirir á empresa adxudicataria aclaracións e precisións sobre os traballos realizados.

9.- RÉXIME DE PAGAMENTOS.

Será necesaria a presentación, no Rexistro Xeral de Entrada do Concello, da documentación xustificativa correspondente aos traballos realizados dos que se solicita o seu abono xunto coa correspondente factura.

O adxudicatario terá dereito ao abono do prezo correspondente aos traballos efectivamente realizados e formalmente recibidos pola Administración.

O pagamento se efectuará mediante a presentación, no Rexistro Xeral de Entrada do Concello, da correspondente factura xunto coa documentación xustificativa correspondente aos traballos realizados dos que se solicita o seu abono, e será obxecto de pagamento previo informe do Departamento correspondente, a fiscalización da Intervención Municipal e a aprobación do Órgano Municipal competente. A factura conterá os datos e requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

A documentación xustificativa consistirá nunha relación detallada ou listado dos traballos realizados que será comprobada polo servizo municipal correspondente e comprenderá, alomenos, os seguintes extremos: número do expediente catastral tramitado e tipo de expediente; referencia catastral; número de unidades catastrais afectadas, tipo de actuación realizada e data de alteración. A factura que fora presentada sen a remisión previa ou simultánea do informe xustificativo dos traballos será rexeitada.

A periodicidade das facturas será trimestral.

O importe das facturas se aboará con suxeición ao procedemento e nos prazos previstos no artigo 198 da LCSP.

10.- RÉXIME DE RECURSOS E PENALIDADES POR INCUMPRIMENTO.

FIRMADO por: JOSÉ MANUEL PALACIOS VÁZQUEZ (NIF: 33836853N)
FIRMADO por: MERCEDES PAULA ALVARELOS FONDO (NIF: 32753909T)
Versión imprimible con información de firma generado desde VALIDE (<http://valide.redsara.es>)
Firma válida.



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO




FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO

FACENDA LOCAL

JMP/jim

Ref: Contrato de xestión catastral

Asunto: Prescricións técnicas

De conformidade co artigo 44 e concordantes da LCSP procederá a interposición de recurso administrativo especial en materia de contratación contra os actos que nel se indican. A interposición do recurso suntuarase segundo o disposto no citado texto legal.

O incumprimento dos servizos de colabouración e obrigas determinadas no presente prego de condicións poderá ser sancionado polo órgano municipal competente coa sanción de ata 600 euros en caso de infracción leve, con sanción de 1.200 ata 3.000 euros en caso de infraccións graves e con sanción de 6.000 a 15.000 euros e/ou resolución do contrato, en caso de infraccións moi graves.

Son infraccións graves;

- Retrasos e demoras inxustificadas no cumprimento dos prazos de subministro de datos para a rendición de contas.
- Incorreccións nas relacións co público en xeral por parte do adxudicatario ou do persoal ao seu cargo.
- Peche inxustificado das dependencias de atención ao público durante a xornada establecida, sen que medie autorización do Concello.
- Incumprimento da obriga de mantemento e decoro das dependencias ao seu cargo.
- Neglixencia na custodia de documentos entregados para a realización das función obxecto de contratación.
- Exaccións de custas e gastos aos contribuíntes que non estén xustificadas e autorizadas.
- Incumprimento das obrigas laborais e da Seguridade Social co persoal afecto ao Servizo, ou de seguridade e saúde no traballo.
- Substitución, sen autorización expresa do responsable do contrato, do persoal afecto á prestación do servizo.

Son infraccións moi graves:

- Cesión, subcontratación ou subrogación total ou parcial dos servizos con terceiros sen a previa autorización do Concello ou sen observar os prazos de comunicación ou de constitución das garantías establecidos na cláusula decimonovena.
- Interrupción continuada da prestación do servizo por un período de dous días sen causa xustificada.
- A utilización ou cesión indevida da información contida en soporte físico, dixital ou informático relativa a listados, censos, padróns, matrículas, así como a información referida a cada contribuínte dos que son obxecto do contrato.
- A vulneración do deber de segredo profesional pola adxudicataria ou o persoal ao seu servizo, así como o incumprimento da normativa sobre protección de datos.
- A demora no inicio da prestación do servizo nun prazo superior a dous meses desde a formalización.

FACENDA LOCAL

JMP/jim

Ref: Contrato de xestión catastral

Asunto: Prescricións técnicas

- Non renovar ou minorar a póliza de responsabilidade civil esixida, ou minorar de calquera forma as garantías da mesma.
- Falsear a información que se deba proporcionar ao Concello.
- Incumprimento, previo requerimento por parte do Concello, das melloras ofertadas na proposición e que foron tidas en conta para a adxudicación do contrato.
- Desobediencia das órdenes do director dos traballos ou funcionario no que delegue, que se ditén para a máis correcta e eficaz prestación do servizo.

Son infraccións leves:

- O incumprimento das obrigas contractuais non incluídas entre as anteriores.

Para a imposición das sancións e penalidades seguirase un expediente no que se concederá ao contratista un prazo de alegacións de 10 días tras verificarse polo responsable do contrato a actuación indebida.

O importe das sancións económicas e penalidades impostas será ingresado polo contratista na forma e nos prazos previstos en cada caso. Se transcorre o prazo sen efectuarse o ingreso do importe da sanción, poderá ser aplicado á facturación mensual a satisfacer ao contratista, ou ben á garantía definitiva.

A comisión por parte do adxudicatario das infraccións moi graves que se sinalan poderá dar lugar á resolución do contrato nos termos previstos na lexislación aplicable na materia.

As sancións e penalidades referidas nos apartados anteriores non exclúen o dereito á indemnización que tanto o Concello como outros terceiros, teñan polos danos e prexuízos que o incumprimento do contratista lle puidera ocasionar.